

# XUVENTUDE CREA 2022

artes plásticas  
arte urbana  
banda deseñada  
cociña  
creación de videoxogos  
danza moderna  
deseño de xoias  
fotografía  
moda  
música  
novela curta  
poesía  
teatro  
videocreación







**XC** 22  
XUVENTUDE CREA

1ª ed., 2024. Santiago de Compostela

**Edita**

Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Xuventude, Dirección Xeral de Xuventude,  
Participación e Voluntariado

**Deseño**

Seteseoito deseño gráfico

**Imprime**

Gráficas Garabal, S. L.

DL: C 785-2024

# Sumario

## ARTE URBANA

MEMBROS DO XURADO	9
Fercho	10
Elvira López Rodríguez	12
Andrea Otero Vázquez	14

## ARTES PLÁSTICAS

MEMBROS DO XURADO	17
Iago Fernández Díaz	18
Diego Vidal Míguez	20
Nerea Cordeiro Cerviño	22
María del Mar Ramón Soriano	24
Sara Camaño Pena	26

## BANDA DESEÑADA

MEMBROS DO XURADO	29
Ánxel Carramal Fernández	30
Brais Fierro Fuentes	32
Daniel Souto Pazó	34
Sabela Álvarez Álvarez	36
Siqi Luis Yang	38
David Tarrío Pérez	40

## COCIÑA

MEMBROS DO XURADO	43
Andrea Maseda Prado	44
Miguel Morán Gueimonde	44
Isabel Vivero Acción	46
María Cristina Domínguez Queijo	48
Jorge Novo Rodríguez	48

## Creación de videoxogos

MEMBROS DO XURADO	51
María Santalla Martínez	52
Daniel Alejandro Santiago Mayoral	52
Jorge Fernández Meneses, Eloi Pena Gómez, Celia Fernández Gómez, Brandán Reino Gorín e Sara Martínez Narváez	54

## 9

## Danza moderna

MEMBROS DO XURADO	57
Saray Alonso Amorín	58
Pablo Vázquez Durán	58
Inés Santos Acuña	60
Sofía Rodal Alén	60
Alexia Piñeiro Segura	62

## DESEÑO DE XOIAS

MEMBROS DO XURADO	65
Rebeca García Martínez	66
Aldara Hernaiz Sánchez	68
Evelyn Lores Cacabelos	70

## FOTOGRAFÍA

MEMBROS DO XURADO	73
Yael de Lorenzo Lamas	74
Miguel López Rodríguez	76
Olaya Rodríguez Pérez	78
Raquel Diz Rosendo	80
Martín Blanco Mouro	82

## MODA

MEMBROS DO XURADO	85
Brais Albor Rodríguez	86
Antía Vieiro Fernández	88
Laura Barrós Chans	90

## MÚSICA

MEMBROS DO XURADO	93
Lara Álvarez Álvarez	94
Brais Fernández Pombo	94
Iria Vilas Iglesias	96
Marina Fernández Vigo, Luis José Sánchez Bolón, Iago Camaño Lagoa, Nébeda Piñeiro Barros e Sandra Pérez Míguez	98

## 57

57
58
58
60
60
62

## 65

65
66
68
70

## 73

73
74
76
78
80
82

## 85

85
86
88
90

## 93

93
94
94
96
98

## Poesía

MEMBROS DO XURADO	101
Ciro Fernández Briones	102
Daniel Chapela	104
Adrián Agustín Vázquez Rodríguez	106

## TEATRO

MEMBROS DO XURADO	109
Vórtice Escénico	110
Asociación Palimoco Teatro	112
VaLume	114
DWD	116

## 101

## Videocreación

MEMBROS DO XURADO	119
Juan Rodríguez Bas	120
Mirian Opazo Ojea	122
Rocío Campoy Lage	124

## 109

## 119

# Presentación

A creatividade require dunhas habilidades e capacidades especiais que precisan canles de expresión e visibilidade, isto é o que ofrece o programa Xuventude Crea destinado dende os seus inicios a mostrar a actividade e inquedaanza artística individual e colectiva da xuventude galega, un espazo no que se pode coñecer a novos talentos e as súas obras nun amplo abano de especialidades.

En cada convocatoria do certame Xuventude Crea promovido pola Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, maniféstase unha mocidade galega activa, creativa e solidaria, que constitúe unha boa mostra das creacións e o talento que ofrecen as mozas e mozos que desexan expresar e deixar a súa pegada na nosa cultura.

A publicación do catálogo desta edición do programa difunde ese talento e creatividade; así, pódese comprobar como todas as persoas premiadas neste certame plasmaron unha vez máis emocións e alma nas súas obras. Deste xeito, Xuventude Crea segue a ser plataforma de expresión e impulso das traxectorias artísticas da mocidade galega, reforzada na actualidade co Museo dixital de Xuventude Crea.

A Xunta de Galicia a través destas actuacións aposta polo desenvolvemento desta xente nova establecendo canles de apoio, difusión e visibilidade do seu talento e capacidades artísticas, todas elas potencialidades que desexamos que sigan a expresarse e das que continuemos a desfrutar.

Fabiola García Martínez  
Consellería de Política Social e Xuventude



# ARTE URBANA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	Fercho
<b>2º Premio</b>	Elvira López Rodríguez
<b>3º Premio</b>	Andrea Otero Vázquez

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Amabel González Troncoso

Silvia Rodríguez Pena (Sax)

Diego Anido Seijas

Ramón Conde-Corbal Varela (Mon Devane)

Alonso Antonio de la Cantera Álvarez

### **Secretaría**

M.<sup>a</sup> Belén Pardal García



1º PREMIO

## Fercho

A Coruña, 1994

Malia que a miña "carreira" como debuxante comezou o día que collín un lapis, formeime para mellorar na miña paixón no bacharelato de artes. Aínda que non me cheguei a graduar, o simple feito de compartir espazo con alumnado con inquietudes parecidas ás miñas, axudoume moito a descubrir mundos como o da pintura en spray, ferramenta que supón para min unha das máis atractivas e divertidas técnicas. Sería máis tarde, no 2013, cando chegou ás miñas mans a miña primeira máquina de tatuar.

Desde ese mesmo día decidín apostar por convertelo na miña forma de vida, traballando como tatuadora no estudo Zink Tattoos na Coruña. Podédesme atopar alí facendo deseños riquiños para vivir nos peellos da xente. Tanto no debuxo como na tatuaxe e o graffiti, as miñas obras son doces e xogan coa fantasía, con formas xeralmente suaves e mesturando tons pastel con cores máis vivas.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Tatuadora.

*Susi de ghatu*





2º PREMIO

## Elvira López Rodríguez

Ribadeo (Lugo), 1994

A miña obra chámase Egos. A RAG define a palabra como "Instancia da personalidade que, segundo a teoría psicanalítica de Freud, está constituída polas experiencias do individuo e exerce o control sobre o seu comportamento." Non obstante, a descrición pode facer pensar que o ego é algo estático, realmente non o é. De feito, é unha parte activa e dinámica da nosa personalidade que xoga un papel fundamental nas nosas vidas. Na miña obra quero facer referencia á loita de egos na propia persoa, á represión, aos impulsos e á xestión dos egos, todo isto a través de corpos e rostros deformes e andróxenos. As cores tamén xogan un papel importante, son vivas e frías á vez, como o poden ser a nosa mente e as nosas vidas.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2017-2019. FP Técnica Superior Deseño e Edición de Publicación Impresas e Multimedia, IES Leixa, Ferrol.

2013-2015. FP Técnica Superior en Fotografía, EASD Antonio Faílde, Ourense.

2019-2020. Deseñadora Gráfica en Estudio de Deseño Gráfico.

*Egos*





3º PREMIO

## Andrea Otero Vázquez

Carballada de Avia (Ourense), 1996

*Inés e Anís* continúa na liña dos 37 minutos, a obra presentada o ano pasado. Despois de carrexar 2 caixas de cartóns de leite e demais comestibles dende a tenda da Mary, miña nai descansa na cadeira da praia (que nunca pisou praia) para saudar ao Anís e contestar os whatsapps.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2015-2019. Grao en Belas Artes pola Universidade de Vigo.

2019-2020. Mestrado en Produción e Investigación Artística, Universidade de Granada.

*Inés e Anís*





# ARTES PLÁSTICAS

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	Iago Fernández Díaz
<b>2º Premio</b>	Diego Vidal Míguez
<b>3º Premio compartido</b>	Nerea Cordeiro Cerviño
<b>3º Premio compartido</b>	María del Mar Ramón Soriano
<b>Mención de Honra</b>	Sara Camaño Pena

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Mercedes Rozas Caeiro

Manuel Paz Mouta

Javier Expósito Paradela

Pedro Miguel González Galilea

José Eduardo López Valiña

### **Secretario**

Xesús Álvaro Arceo Beiroa



1º PREMIO

## Iago Fernández Díaz

A Estrada (Pontevedra), 1994

Esta obra nace como homenaxe aos meus avós paternos. A miña avoa Celia era unha cocifeira estupenda que disfrutaba coma ninguén cando nos reunía a todos na súa casa para comer, foi unha das persoas que máis quixen na miña vida. Por iso decidín que a forma de compoñer esta obra tiña que ser a través de pratos, os cales intervin en engadíndolles unhas calcomanías de dúas cartas de tarot: o sol e a lúa. A estas cartas coloqueilles enriba dúas fotografías de ambos os dous na súa xuventude, a miña avoa Celia na carta do Sol, sendo esta unha referencia ao seu carácter de núcleo familiar, e a meu avó Vicente na carta da lúa, xa que nunca o cheguei a coñecer e sempre tiña como moitas dúbidas sobre a súa persoa. Por outra parte, a lámpada que pendura sobre os pratos representa a idea da esperanza de que alá onde estean poida que sigan disfrutando das súas comidas xuntos, *coméndose o mundo* entre os dous tal e como sempre fixeran.


### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2012-2016. Belas Artes, Universidade de Vigo.

2016-2017. Mestrado en Creación e Investigación en Arte Contemporánea, Universidade de Vigo.

*Comerse o mundo*





2º PREMIO

## Diego Vidal Míguez

Boqueixón (A Coruña), 1997

A obra Alienación é a representación do estado de perda da personalidade, da identidade e da capacidade de pensamento propio ao que nos somen as redes sociais virtuais. A obra consiste nunha mesma peza de cerámica reproducida dez veces, colgadas de maneira que ocupan un lugar amplo dentro dunha sala de exposicións, coa intención de crear a sensación de multitude. A peza en cuestión é unha cabeza, dende a parte traseira das orellas cara a adiante, a cal, en lugar de cara, ten un teléfono móbil incrustado, coa parte da pantalla cara a adentro. O modelado da peza está pensado para crear a ilusión de que o móbil está incrustado á forza no rostro, creando así un forte impacto visual. As pezas están feitas de louza branca e esmaltadas cun esmalte transparente mate, dándolles así un acabado limpo e liso, conseguindo que as formas sexan fáciles de percibir.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Doutorado en Arte: Producción e Investigación (Actual).

2021-2022. Mestrado en Producción Artística.

2017-2021. Grao en Belas Artes.

2015-2017. Ciclo Superior de Artes Plásticas e Deseño en Artes Aplicadas á Escultura.

 @diegovidal.art

 @diegovidal.art

*Alienación*





3º PREMIO COMPARTIDO

## Nerea Cordeiro Cerviño

Bueu (Pontevedra), 1999

Un dos maiores problemas con respecto ó que acontece no océano, é que non se ve a simple vista; polo que non se pensa o suficiente nel. Con este punto de partida, o obxectivo principal deste proxecto consiste en amosar algún dos conflitos relacionados con este territorio. Para esta ocasión, elixiuse unha deriva moi concreta do cambio climático: o branqueo dos arrecifes de coral. O proxecto fórmulase e estruturase arredor da seguinte cifra: nos últimos 30 anos, perdéronse o 50% dos corais existentes no mundo. En canto á súa formalización, componse de dúas partes, que orixinan un único conxunto na montaxe expositiva. Por un lado, unha impresión 3D de dúas estruturas de coral realizadas con filamento de cor branca; por outro, unha vídeo-proxección da que, ao mesmo tempo, forman parte. Aspírase a construír unha instalación envolvente. É dicir, crear unha obra e un espazo ao mesmo tempo: polo que transitar e co que conversar.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2021. Grao en Belas Artes, Universidade de Vigo.

2021-2022. Mestrado en Investigación en Arte e Creación, Universidade Complutense de Madrid.

*Inhabitable*





3º PREMIO COMPARTIDO

# María del Mar Ramón Soriano

Valencia, 1993

A idea da peza que presento nace do interese por investigar de forma plástica e escultórica algunhas das imaxes que Ruth Mathilda Andersón tomou a medida que percorría Galicia durante 1920. Nalgunhas destas fotografías vemos as apañoadeiras, mulleres que cargaban producións cerámicas dende os obradoiros ata o forno comunal no que se cocían. As xigantescas e pesadas cestas pousaban sobre as súas cabezas establecendo unha forma que eu percibo como un volume en forma de vaso floral. Esta situación de pousado sobre a cabeza funciona como un paralelismo cos procesos de amoreamento que aquí se presentan. Se pensamos nas partes dunha vasilla podemos ver como moitas delas toman nomes completamente antropomórficos, como pescozo, boca ou barriga. Así, a semellanza entre corpo e vaso vese clara e aparece un nexa entre ambos do que me aproveito para producir unha serie de esculturas, entre elas, este volume vertical azul cobalto.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022-2023. Investigación posdoutoral. Parsons School of Design, financiada por Fulbright.

2016-2022. Doutoramento en Belas Artes. Contrato de investigación na Universidade de Vigo.

 @\_marramonsoriano\_

 <https://marsoriano.cargo.site/>

*S. T. (Una curva Unha ola un cos)*





MENCIÓN DE HONRA

## Sara Camaño Pena

Moaña (Pontevedra), 1999

Segundo a RAG a identidade é o “conxunto de características ou elementos que definen unha persoa ou cousa fronte ás demais, o que fai que sexa recoñecida como tal.” Pero, que pasa se non sei quen son nin para que existo? Crise existencial, dúbidas sobre o meu ser, dúbidas sobre o sentido da existencia. Agulla, tea, fío e eu mesma como base e punto de partida. Un vestido feito do meu propio corpo, que avanza por un mundo incerto onde non son quen de identificar a onde pertenzo. Dores que me acompañan e que intento superar. Un camiño longo de meditación e autoconhecimento.

Esta peza é unha reflexión da miña propia vida. Levo ás costas as miñas inseguridades, erros e medos. O meu propio corpo é o que arrastro. Un vestido que cargo coma se de unha mochila de pedras se tratase, e que pesa tanto coma iso, ou como eu. Un segundo eu que levo ás costas. Mostro quen son ao mundo, porque é necesario para curarme e desfacerme de toda a dor. Aprendo a convivir comigo, coñecerme, aceptarme e quererme.

 @s.penoucha

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

3/09/2021-26/09/2021. Exposición colaborativa.  
Pazo da Cultura de Pontevedra.

25/09/2021. Performans no marco da exposición  
“Do final e do comezo”.

11/12/21-14/01/2022. The year we make contact.  
Exposición colaborativa. Galería de arte CTJV,  
Monçao.

*Arrastre*





# BANDA DESEÑADA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	Ánxel Carramal Fernández
<b>2º Premio</b>	Brais Fierro Fuentes
<b>3º Premio</b>	Daniel Souto Pazó
<b>Mención de honra</b>	Sabela Álvarez Álvarez
<b>Mención de honra</b>	Siqi Luis Yang
<b>Mención de honra</b>	David Tarrío Pérez

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

M.ª José Fernández Laso

Xefa territorial da Consellería de Política Social e Xuventude en Ourense

### **Vogais**

Lía Soto Rodríguez

Jorge Campos Sánchez

Teresa de la Paz Grande Taboada

Isabell Seidel

### **Secretario**

Alejandro Río Vicente



1º PREMIO

# Ánxel Carramal Fernández

Pontevedra, 1994

Viaxar non só se refire ao desprazamento a unha nova cidade, vila ou país. Co termo podemos referirnos tamén á maduración emocional, a adquirir experiencias, coñecementos, a cambiar a nosa forma de pensar. Poderíase dicir que a vida en si mesma é unha viaxe, na que nós decidimos que camiños tomar e con quen. Isto é o que quería representar co meu cómic, a dobre viaxe que experimenta a protagonista para así cumprir o soño do finado do seu pai, conectar con el e vivir todas as experiencias das que tanto lle falaba. E aínda que nun inicio facía a viaxe ela soa, en realidade sempre estivo acompañada, e non só polo seu pai: a xente que coñeceu, os lugares que visitou, as paisaxes que desfrutou, todo iso estivo ao seu carón, e quedarase con ela para sempre. Espero que conseguise transmitir estas ideas coa miña obra. Por último, a modo de curiosidade, dicir que tanto a historia como o seu ritmo narrativo están inspirados na canción *Driver's License*, de Olivia Rodrigo.


## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL


2012-2016. Grao en Psicoloxía con mención en Psicología Social, da Universidade de Santiago de Compostela.

2020-Actualidade. Curso Profesional de Banda Deseñada en O Garaxe Hermético.

 @anxel.artworks

## *Carné de conducir*





2º PREMIO

## Brais Fierro Fuentes

A Coruña, 1993

Inspirada nas interpretacións da narrativa popular galega que podemos atopar nas escolmas de autores coma Vicente Risco ou Carré Alvarellos, nesta pequena obra tentei fabricar un relato inspirado nas interpretacións autóctonas de criaturas fantásticas como os trasnos e as pantasma, así como os significados engadidos ás fases da lúa, ás pontes ou aos cruceiros na tradición popular galega.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-Actualidade. Traballador autónomo no eido da ilustración e deseño gráfico.

A ponte





3º PREMIO

## Daniel Souto Pazó

Ames (A Coruña), 2003

REM (Rapid Eye Movements) iniciouse orixinalmente como un proxecto poético formado por tres ciclos, cada un dividido nas distintas fases do sono. Este traballo poético pretende plasmar como a través do sono e do soño somos capaces de tornar acontecementos da nosa vida en conceptos cada vez máis profundos e abstractos para masticalos e, cando parece que non hai volta, despertar. Neste sentido, REM fala de cambio, de comodidade, de ciclos, de vida. Porén, este primeiro ciclo é máis que un poema. Intentei, con coidado, dotalo dun acompañamento visual que non só apoiase, senón que completase o propio poema textual, escollendo cores e símbolos que expresasen esa mesma viaxe e abstracción. Neste sentido, hai unha notable diferenza das primeiras páxinas, nas que a voz poética está esperta, ás seguintes, que introducen as cores e cambian por completo o curso da obra. Cada páxina ten un sentido simbólico individual en relación aos versos, pero todas no seu conxunto forman unha imaxe coherente que ilustra o proceso.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2022. Grao en Enxeñería Informática.


 @danieel\_gz

## Rapid Eye Movements

Sou serpe e presente o caso:  
se modo de pe! (que se) vem por pista  
-pensão).  
Pode ser por prazer.



Movimo em círculos e observo.  
As escamas põem fórmulas. Inútil buscar a final  
se vultas quando atrás  
pensas por sempre da selva na que morrevo.




percebo a observação e acelero,  
a cristais emixa na unha marca que deixei ao reptar e non acepto,  
efectivamente,  
por puro prazer.

Início o trânsito e volto verme pequeno.

no abandono da floresta hai ritual.

no abandono da floresta hai ritual.





MENCIÓN DE HONRA

# Sabela Álvarez Álvarez

Redondela (Pontevedra), 1995

Unha movida. Soño febril que se me ocorreu cando estaba lendo *Siddharta* e á vez miraba algún anime shonen cos meus amigos.


## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-2021. EISV, Ciclo Superior en Animación 2D, 3D e mais contorno interactivo.

2017-Actualidade. Ilustradora e animadora autónoma.

Voodah





MENCIÓN DE HONRA

## Siqui Luis Yang

Madrid, 1993

A obra vai dunha rapaza á que lle morre a moza e esta volve en forma de pantasma, a premisa xira ao redor de cortar coa túa moza pantasma e como o farías. Banda deseñada curta de romance/humor.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2011-2015. Grao en Belas Artes, Universidade Politécnica de Valencia.


2015-2016. Mestrado en Ilustración, Universidade Politécnica de Valencia.

2016-2017. Mestrado en Obra Gráfica, Fundación CIEC de Betanzos.

2021-2022. Animador Iluminación na película Unicorn Wars.

*A pantasma*





MENCIÓN DE HONRA

## David Tarrío Pérez

Cangas (Pontevedra), 1998

De verdade son todos os monstros tan malos como contan? Non haberá un motivo polo que actúan da maneira que actúan? *Cocón*, un cómic de 12 páxinas e con final aberto, trata de darnos unha nova perspectiva sobre as lendas de monstros que tanto nos asustaban de pequenos, neste caso, centrada na do Cocón. Nela preséntasenos a historia dun neno que, dende a primeira vez ve o monstro e, a medida que pasa o tempo, termina poñendo en dúbida todos eses contos que lle lía súa nai, e intenta buscarlle resposta ás súas dúbidas preguntando directamente a quen lle ten que preguntar ao Cocón. Creada dende cero no prazo dun mes (elaboración do guión, deseños dos personaxes, guión gráfico, etc.) esta obra foi debuxada con técnicas tradicionais, e escaneada e entintada a dixital. Nela empregouse tanto para o título como para os bocadillos, o uso dunha tipografía propia, tamén creada dende cero.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2020. Grao Superior Deseño Gráfico.

## Cocón



...que non sempre esas historias son de todo certas,  
e non deberíamos crelas, sen antes aseverar que sexan certas.  
Sempre hai unha razón, pola que cada un, actúa da maneira que actúa...

O que recórdame a outra historia,  
que coñezo moi ben...



E durme, meniño, que vén o  
Cocón, vai levar o neno que  
non durme, non



# COCIÑA

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Andrea Maseda Prado  
e Miguel Morán Gueimonde

### 2º Premio

Isabel Vivero Acción

### 3º Premio

María Cristina Domínguez Queijo  
e Jorge Novo Rodríguez

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Cristóbal Ramírez Gómez

Faustino Batallán Cons

Alejandro Iglesias Vázquez

Roberto Walther Schnellbach

### Secretaria

M.ª Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO

## Andrea Maseda Prado

Cospeito (Lugo), 1993

## Miguel Morán Gueimonde

Muimenta (Lugo), 1992

A base da nosa proposta é unha especie de “bolo de vento” que conxuga ingredientes tan saborosos como o pistacho, o queixo e o chocolate branco. Ao realizalo mediante un proceso de conxelado previo, conseguimos unhas esferas perfectas de exterior crocante e interior meloso. Estas perlas están deliciosas por si soas, pero para aumentar o seu desfrute acompañámolas dunha crema de castaña e un rebozado de flocos de millo onde cada persoa ten que mollar cada unha das boliñas. A combinación de texturas é clave: cremosidade das boliñas de pistacho e chocolate, suavidade da crema de castañas e leve crocante dos flocos de millo e pistacho.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **Andrea Maseda Prado**

2021-2022. Mestrado en Servizos Culturais.

#### **Miguel Morán Gueimonde**


2010- 2018. Grao en Arquitectura.

 @masedaandrea

 @mmmorang

*Perlas de pistacho e chocolate branco, crema de castaña e flocos de millo*





2º PREMIO

## Isabel Vivero Acción

Ferrol (A Coruña), 1992

O meu doce inspírase na miña torta favorita, a Paplova. Conserva a estrutura desta: un merengue e unha cobertura cremosa con froitas, pero á galega. A fariña de castaña incorporada no merengue arrequece o sabor e cambia a textura, a crema é unha *mousse* de requieixo e o remate unha redución de mirabeles con Alvariño e herba luísa.

O uso dos mirabeles en almibre e da castaña en forma de fariña permite desfrutar dun prato composto de produtos de tempada durante todo o ano. Coma o orixinal australiano, leva o nome dunha bailarina famosa. Sendo de aquí, a Carolina.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-Actualidade. Mestrado en Auditoría e Finanzas pola Universidade Loyola.

2010-2016. Graos en Dereito e Administración e Dirección de Empresas na Universidade da Coruña.

*Carolina*





3º PREMIO

## María Cristina Domínguez Queijo

A Coruña, 1995

## Jorge Novo Rodríguez

A Coruña, 1993

Co noso prato pretendemos utilizar dous dos produtos máis característicos da gastronomía galega para arroupar un tartar quente de robalo.

Os produtos en cuestión son os mexillóns e os pementos de Herbón, cos que faremos un puré de patacas da Limia estilo "Mariñeiro" e uns mexillóns da "horta".

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **María Cristina Domínguez Queijo**

2019-2020. Mestrado Formación do Profesorado.

#### **Jorge Novo Rodríguez**

2021-Actualidade. Axente.

*Róbalo Mar e Terra*





# Creación de videoxogos

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

María Santalla Martínez  
e Daniel Alejandro Santiago Mayoral

### 2º Premio

Jorge Fernández Meneses  
Eloi Pena Gómez  
Celia Fernández Gómez  
Brandán Reino Gorín  
Sara Martínez Narváez

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta



Cristina Pichel Toimil  
Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Antonio José Seoane Nolasco  
Pablo Grandío Portabales  
Félix Menéndez Naveiras

### Secretaría

Pilar Tamerón Montesinos



1º PREMIO

# María Santalla Martínez

Cee (A Coruña), 1999

# Daniel Alejandro Santiago Mayoral

A Coruña, 1994

*K.I.W.I.* é un xogo que naceu como idea no segundo ano de carreira. Aínda que a historia que envolve o noso pequeno protagonista cambiou moitas veces ao longo do tempo, o único que se mantivo foi el, *K.I.W.I.*, o noso pequeno robot de carapucha vermella, con pequenos axustes no seu deseño. Foi un proxecto conxunto que sacamos adiante o meu compañeiro Dani e máis eu con moito esforzo, a pesar do noso nulo coñecemento en deseño de videoxogos. Coas poucas materias coas que contabamos ao final da nosa carreira e a nosa autoaprendizaxe, conseguimos crear a *K.I.W.I.*, e aínda que sabemos que non é perfecto é o proxecto do que máis orgullosa me sinto, porque é meu, é noso.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### María Santalla Martínez

Grao en Comunicación Audiovisual, Mestrado en Deseño, Desenvolvemento e Comercialización de Videoxogos.

### Daniel Alejandro Santiago Mayoral

Grao en Comunicación Audiovisual.


 [www.artstation.com/erym3d](http://www.artstation.com/erym3d)

 @Erym3D


*K.I.W.I.*



Celia Fernández Gómez



Sara Martínez Narváez



Jorge Fernández Meneses

2º PREMIO

# Jorge Fernández Meneses, Eloi Pena Gómez, Celia Fernández Gómez, Brandán Reino Gorín e Sara Martínez Narváez

Francisco Fernández del Riego consegue n' *O cego de Pumardedón* contar a historia de Mauro, un home que quedou invidente por mor da guerra. Retirado nunha aldea tranquila, a mente do protagonista aínda se debate, ferida, entre o presente e o pasado. A crudeza da guerra, a loita social... non parecen xa importar no contexto no que vive.

A obra brilla na súa capacidade descritiva. Como o mundo físico, a través das sensacións, fai emerxer na cabeza de Mauro as imaxes dos obxectos, da natureza. Ese mesmo concepto é o que quixemos implementar como mecánica principal no xogo. Mediante a interacción cos espazos e o son, o xogador poderá descubrir os pensamentos dentro da mente do protagonista.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### Brandán Reino Gorín

Malpica de Bergantiños (A Coruña), 1994  
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.

### Eloi Pena Gómez

Vilaboa (A Coruña), 2001  
Bachelor Degree in Telecommunication  
Technologies Engineering.

### Jorge Fernández Meneses

Vigo (Pontevedra), 1996  
Comunicación Audiovisual na Universidade de Vigo.

### Celia Fernández Gómez

Vigo (Pontevedra), 2000  
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.

### Sara Martínez Narváez

Noia (A Coruña), 1996  
Conservatorios de Galicia, Barcelona e Madrid.

*Poupar*



*As oito e cinco. Mesmo cos tronos durmiu máis  
que decotío.*



# Danza moderna

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Saray Alonso Amorín e Pablo Vázquez Durán

### 2º Premio

Inés Santos Acuña e Sofía Rodal Alén

### 3º Premio

Alexia Piñeiro Segura

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Raquel González García

Armando Martín Caballero

Mercedes Suárez Rodríguez

Olga Cristina Ruiz López

Bárbara Piñeiro Vidal

### Secretaría

Carlota Santalices Álvarez



1º PREMIO

## Saray Alonso Amorín

Gondomar (Pontevedra), 2003

## Pablo Vázquez Durán

Vigo (Pontevedra), 2003

*Salgadura* é unha coreografía onde fusionamos a danza contemporánea con músicas que nos fan lembrar as nosas raíces e a cultura galega.

Con esta peza queremos amosar o que sentimos os artistas galegos cando saímos de Galicia para seguir coa nosa formación, canto botamos de menos a nosa terra e o presente que a temos na nosa danza.

*Salgadura* trata da morriña, do orgullo, das nosas raíces, de como volvemos a conectar con elas e de todo o apego involuntario que temos pola tradición e as nosas orixes.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **Saray Alonso Amorín**

2021-2022. Escola de Danza Media Punta.

2021-2022. Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma.

#### **Pablo Vázquez Durán**

2021-2022. Escola de Danza Media Punta.

2021-2022. Real Conservatorio Profesional de Danza Mariemma.

 @pablovazquezz

 @saray.amorin

*Salgadura*





2º PREMIO

## Inés Santos Acuña

Santiago (A Coruña), 1999

## Sofía Rodal Alén

Vigo (Pontevedra), 1999

*Mar sen varanda* é unha peza de danza experimental creada a partir da mestura entre a danza tradicional galega e a danza contemporánea. Nesta coreografía téntase plasmar a loita por un amor non hetero normativo entre dúas mulleres, un contexto rural do século XX. Onde o medo do que dirán funciona como motor de violencia e culpabilidade. Ao longo da coreografía plásmase o nacemento dese desexo, a loita por non poder amarse e a aceptación dun amor que non entende de patróns sociais. É unha homenaxe a todas e todos os nosos devanceiros que un día tiveron que agochar tamén os seus sentimentos por mor da violencia ou que tiveron que emigrar para ser realmente eles.

O espazo sonoro é de vital importancia xa que é creada en directo por Brais Pombo mediante un looper, onde se mestura a Xota de Traspelas e a Xota de Caroi. Os sons tradicionais mesturados con diferentes voces sumado ás respiracións das dúas bailarinas e dos fragmentos traballados en silencio completan esta fermosa atmosfera íntima e onírica.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **Inés Santos Acuña**


2017-2021. Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Actualmente traballa coa súa compañía de teatro físico MEVADEUS.

#### **Sofía Rodal Alén**

2017-2021. Actriz formada en interpretación xestual na ESAD de Galicia. Actualmente traballa coa súa compañía de teatro VAIEMBORA.

*Marsen Varanda*





3º PREMIO

# Alexia Piñeiro Segura

Dijon (Francia), 2000

*Aorta* é unha obra de danza contemporánea inspirada na enfermidade. A miña inspiración baséase nos latexos do corazón da música e no seu lado escuro, que procura sensacións de malestar. Creei esta coreografía nun momento da miña vida no que estaba moi baixa de enerxía e souben sacar adiante este desánimo físico e mental para construír unha peza contemporánea. *Aorta* é un símbolo de explotación de horizontes novos e escuros no mundo da danza.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2021. Graduada en psicoloxía en Francia.

2021. Diploma en danzaterapia.

2021-2022. Profesora de danza urbana e de danza contemporánea.

*Aorta*





# DESEÑO DE XOIAS

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	Rebeca García Martínez
<b>2º Premio</b>	Aldara Hernaiz Sánchez
<b>3º Premio</b>	Evelyn Lores Cacabelos

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

M<sup>a</sup> Noelia Peña Pérez

José María Mayer Segade

Miguel Gregorio Rodríguez Bertojo

Elena Fabeiro Castro

### **Secretaria**

M.<sup>a</sup> Pilar Lorenzo Vilar



1º PREMIO

## Rebeca García Martínez

A Pobra do Caramiñal (A Coruña), 1999

Para a primeira peza a inspiración xurdiu das abrazadeiras verme. Estas teñen un sistema parecido ás bridas, o que asegura que se aperten o máximo posible.

Debido á forma do deseño e á relación da abrazadeira coas tubaxes, decidiuse que esta peza sería un brazalete. Desta forma o brazo faría a representación da tubaxe que se vai apertar.

A segunda peza parte da inspiración das porcas bolboretas, chamadas así porque as aletas da da porca representan as ás dunha bolboreta.


Xa que estas teñen un tamaño pequeno e para poder colocalas hai que xiralas, decidiuse que foran un anel. Desta maneira pódese realizar unha peza que represente este movemento. Ademais, cando se está impaciente téndese a ter algo na man para poder movelo. Dándolle así un uso engadido á peza.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Xoiería artística dende o ano 2020.

*Tick-Tock Collection*





2º PREMIO

## Aldara Hernaiz Sánchez

Padrón (A Coruña), 2002

A colección está composta por tres pezas. Un broche, unha pulseira semirríxida e unha cunca para outras pezas pequenas. Estas pezas realizáronse en prata de lei, madeira ipe, polipel e esmaltes vítreos opacos e transparentes. As diferentes técnicas son as propias da xoiería levadas a cabo no taller e cabe destacar algunhas técnicas escultóricas.

O proxecto consta dunha colección de tres pezas de xoiería que xuntas conforman unha pequena composición dando lugar a un carrusel de cabaliños.


As tres pezas son independentes, isto permite que se poidan usar unha ou outra ou deixalas nalgún sitio a modo decorativo.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Ciclo Superior de Xoeiría Artística e de Deseño de Produto.

*Una vuelta más*





3º PREMIO

## Evelyn Lores Cacabelos

Vilagarcía, 2002


A moza do espello é unha colección formada por tres pezas de xoiería; un brazaletes, un anel e un broche. Son pezas teatrais, para eventos... Están feitas con dous materiais: prata (925), con acabado satinado e puído e metacrilato de espello. Toda a colección é unha representación das distintas fases da anorexia a través dos diferentes espellos e enmarcados por estruturas de fío cadrado de prata.

A inspiración deste proxecto nace da necesidade de desfacerme cada vez máis da moza do espello. Escollín poñer este poema como a primeira páxina do meu proxecto porque aínda que a escritora non fale dos trastornos da alimentación, si que fala de aprender a querer-se a un mesmo.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Bacharelato artístico, un Ciclo Superior de Xoiería Artística e Grao Superior de Deseño de Moda.

*La chica del espejo*





# FOTOGRAFÍA

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	Yael de Lorenzo Lamas
<b>2º Premio</b>	Miguel López Rodríguez
<b>3º Premio</b>	Olaya Rodríguez Pérez
<b>Mención de honra</b>	Raquel Diz Rosendo
<b>Mención de honra</b>	Martín Blanco Mouro

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Xoán Arias Soler

Xoán Álvarez Rey


Emilio Lavandeira Villar

Fernando Blanco Rajo

Sandra Alonso Suárez

### **Secretaría**

M.<sup>a</sup> Belén Pardal García



1º PREMIO

# Yael de Lorenzo Lamas


Ourense, 2002

*Mocidade* é un traballo fotográfico que busca amosar os sentimentos experimentados durante a xuventude, representados co apoio de diversos obxectos que ben poden ser característicos nesta etapa das nosas vidas, como, por exemplo, un diario no que escribimos todos os nosos segredos, espellos nos que non paramos de buscar as nosas inseguridades e defectos, uns auriculares con música para evadirnos da realidade, etc. Este traballo foi elaborado mediante a técnica de fotomontaxe e da metafotografía para darlle máis peso á idea de reflectirse nun espello e de ter sempre presente a nosa aparencia física.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2021-2022. Ciclo Técnico Superior de Fotografía.





2º PREMIO

## Miguel López Rodríguez




Vigo (Pontevedra), 2002


*Pathei Mathos* é unha serie fotográfica que ten como vínculo narrativo o sufrimento. A obra funciona de esquerda a dereita, coma unha lectura. Dende a primeira fotografía ata a última, o ollo viaxa por todos os estadios do sufrimento, dende a fase previa ata a fase de superación. A escultura grega foi a referencia principal para as poses do actor. Os elementos naturais do escenario e o suxeito sen roupa reforzan a natureza dos sentimentos, que xunto ao desenfoque de movemento e o branco e negro conforman unha peza que se afasta da fotografía como método de captación da realidade, buscando achegarse á estética onírica.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2020-2023. Grao en Comunicación Audiovisual na Facultade de Ciencias Sociais da Universidade de Vigo.
- 2021. Dirección do videoclip Bandemic de yung Denzo e Wabii.
- 2022. Dirección do videoclip Alyx de Tunaboy.

*Pathei mathos*





3º PREMIO

# Olaya Rodríguez Pérez

Verín (Ourense), 1993

*O parto* é a culminación dun proxecto fotográfico que fai referencia a dous eixos principais: ao físico e ao subconsciente. A través dunha habitación ordinaria, dunha cama e un corpo que experimenta o sufrimento, configúrase nese preciso instante unha fractura.

A través do branco e negro e do concepto de parir como renacemento, remítese a idea de que as sombras son o camiño que precede ao sublime. O sufrimento fai a súa equivalencia física coa enerxía, onde a súa aceptación consciente, implica a unha transformación.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

EASD Pablo Picasso.

Escuela de Imagen y Sonido de Vigo.

EASD Antonio Faílde.

2017. Editora de vídeos.

2018. Auxiliar de produción.

2018. Meritoria de dirección.

*O parto*





MENCIÓN DE HONRA

# Raquel Diz Rosendo

Tui (Pontevedra), 1999

*Ese virus que ni muere ni nos mata* é unha recompilación de seis obras que para min representan non unha esencia, senón un efecto.

Nestes anos estiven fotografando mulleres de formas moi diferentes sen percatalo.

Dúas das fotografías representan a direccionalidade, o visible, o captable, a mirada, a conciencia: a presenza, polo tanto, o poder da nosa mera independencia, normalmente ligada ao desafiante: atopamos desafíos constantes. Outras tres fan honra á loita, ao desalento, ao peso que levamos con nós, ao límite que nada ten que ver con chegar a un punto sen retorno, un continuo nin morre nin nos mata. A fotografía da paisaxe fai referencia a toda esta viaxe vírica que sempre levamos con nós, representando a figura da nosa identidade xeral.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2020. CM Video Disc-Jockey e Son (Imaxe e Son).

2022-2023. CS Iluminación, Captación y Tratamiento de Imagen.

2017-Actualidade. Fotógrafa.

2022-Actualidade. Videógrafa.

*Ese virus que ni muere ni nos mata*





MENCIÓN DE HONRA

## Martín Blanco Mouro

Santa Comba (A Coruña), 1996

Nesta serie de fotografías o obxectivo é situar o foco do espectador nun elemento concreto que se atopa flotando nun espazo negativo. Búscase unha sensación de paz dándolle peso ás grandes dimensións do ceo. É unha fotografía minimalista, onde as liñas e cores son as protagonistas e, no centro, algo, alguén, un punto no espazo que une a paisaxe. O mar xunto co ceo crean o horizonte, baixo o cal se encontra a vida.

A praia como lugar de descanso, lugar de ausencia da realidade cotiá, todo iso enmarcado nun recadro que intenta captar o xogo, a sensación de amplitude ante o abismo do mar, os espazos abertos. A espera da nada, o parar e darte conta que mirar é suficiente. As fotografías contan historias e á vez transmiten sensacións, lánzanlle ao espectador unha mensaxe de tranquilidade.

A rapidez a que avanza a sociedade só é fulminada por un bo día de praia.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020. Fotografía arquitectónica artística.

2020-2022. Escola Internacional de Teatro e Circo.

2022. Fotografía da rúa e minimalista.

## *Salitre*





# MODA

## PERSOAS PREMIADAS

**1º Premio**

**Brais Albor Rodríguez**

**2º Premio**

**Antía Vieiro Fernández**

**3º Premio**

**Laura Barrós Chans**

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Heriberto Otero González

Belén Correa Corredoira

Patricia García Lema

Paula Montoto Blanco

María de Fátima Díez Platas

### **Secretaría**

Carlota Santalices Álvarez



1º PREMIO

## Brais Albor Rodríguez

Santiago de Compostela (A Coruña), 1994

*Touro galego* é unha colección inspirada na masculinidade tóxica onde utilizo como base esta personaxe porca e reprimida (poñéndoa ao seu xeito reprimida) que se inspira no presente. Como recurso estético, acudín tamén a onde a masculinidade se vía de forma contraria: no século XVII os homes usaban tacóns altos e unha maquillaxe aínda máis pronunciada que a feminina, para exhibir a súa masculinidade e poder. Relaciónome persoalmente con esta colección mesturándoa coa miña orixe galega, co meu orgullo de ser galego e por iso fago referencia tamén ás peles das vacas rubias, que son unha parte moi importante do noso patrimonio, sempre ironizando co dito de ser un "touro", neste caso unha vaca.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2012-2017. Grao Deseño Moda-EASD Mestre Mateo.

2015-2016. Erasmus Grao Deseño Moda-Accademia di Belle Arti di Brera, Milán (Italia).

2020-2022. Mestrado (MA FASHION) Menswear Fashion-Central Saint Martins.

2016-2020. Patronista Home-Casa D'Arte Fiore, Milán (Italia).


2022. Deseñador Moda Home-Versace SRL, Milán (Italia).

 [www.braisalbor.com](http://www.braisalbor.com)

 [@braisalbor](https://www.instagram.com/braisalbor)

*Touro galego*





2º PREMIO

## Antía Vieiro Fernández

Brión (A Coruña), 1999

Este traballo parodia a imaxe delicada que se lle atribúe á muller na sociedade masculina. Expresións en base ao órgano sexual masculino deles fan de referencia para estereotipar esta imaxe. Emprego símbolos como os ovos e as galiñas para realizar os estilismos e apórtolles un estilo recargado, romántico e “ñoño” que ironiza os roles de xénero.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2017-2021. Grao Superior de Belas Artes en Pontevedra.

2021-Actualidade. Mestrado Universitario en Deseño e Dirección Creativa en Moda.

*¡Vaya huevos!*





3º PREMIO

## Laura Barrós Chans

A Coruña, 1994

Nos templos gregos establecéronse tres ordes clásicas, mais xurdiu outra tan diferente ás anteriores como inspiradora. A escultura facía a súa incursión máis radical na arquitectura convertendo as columnas dos templos en corpos femininos de perfecta feitura e detalle, as cariátides.

Esta colección é unha interpretación desas cariátides no seu sentido escultórico e estrutural. Mediante a técnica do moulage constrúense os vestidos ao redor da muller como se facía na antigüidade e dialogan con estruturas cuxa formalidade está influenciada pola arquitectura contemporánea.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2013-2018. Grao en Estudos de Arquitectura (Universidade da Coruña).

2018-2019. Mestrado Universitario en Arquitectura (Universidade da Coruña).

*Novo Pentaerion*





# MÚSICA

## PERSOAS PREMIADAS

### 1º Premio

Lara Álvarez Álvarez e Brais Fernández Pombo

### 2º Premio

Iria Vilas Iglesias

### 3º Premio

Marina Fernández Vigo, Luis José Sánchez Bolón,  
Iago Camaño Lagoa, Nébeda Piñeiro Barros,  
Sandra Pérez Míguez

## MEMBROS DO XURADO

### Presidenta

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### Vogais

Nonito Pereira Rey

Javier Becerra Lorenzo

Francisco Gómez Seijo

Rosa María Cedrón Fernández

Carlos Daniel Landeira Pena

### Secretaría

María Jesús López Cernadas



1º PREMIO

Lara Álvarez Álvarez

Redondela (Pontevedra), 1999

Brais Fernández Pombo

Galicia, 1999

Faixas son Lara e Brais, e mais todas as súas vivencias.

En Transplantes, a súa primeira maqueta, tentan experimentar a través de mesturar diferentes estilos e técnicas, bebendo do tradicional e deixándose levar pola intuición.

*A flor*: A flor é unha canción que fala da terra, dun sentimento que vai medrando dentro de nós cara a ela. É un sentimento de rachar, de revolución, pero sempre dende as raíces, tendo en conta de onde viñemos e por todo o que pasamos.

*Vals de Traspuelas*: É unha adaptación/nova versión de, como indica o nome, o Vals de Traspuelas, orixinaria da aldea de Brais. Brais descubriu este cantar da man da súa avoa e xunto con Lara e o pedal looper fan unha versión creando este diálogo de amor prohibido.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### Lara Álvarez Álvarez

2017-2022. Estudos Superiores de Arte Dramático.

### Brais Fernández Pombo

2017-2022. Estudos Superiores de Arte Dramático.

 @faiscasmusica

 @larala.a.a

 @braisferpo

*A flor: Vals de Trapielas*





2º PREMIO

## Iria Vilas Iglesias

A Coruña, 1994

XA'LUM é un proxecto de música experimental que utiliza a voz como recurso estilístico principal. As súas creacións son influenciadas pola psicodelia setentera, o R&B e o *free-jazz*.

As obras presentadas forman parte do seu EP debut ISA, completamente autoproducido e autoeditado pola autora. Lánzase no 2022 e conforma un poema sonoro influenciado polo impresionismo clásico e o *avant-garde jazz*. O nome do EP nace da runa nórdica Íss, que simboliza o xeo e a quietude. A portada de ISA foi deseñada pola ilustradora estradense Sara Valcárcel. A creación deste EP comezou no 2017 e foi completamente gravado no home estudio de XA'LUM. Combinando harmonías vogais e melodías progresivas, ISA canta á auga sen utilizar palabras para expresar a dor da natureza.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

- 2022. Composición do espazo sonoro de Fugaces, da compañía de danza Exire.
- 2022. Composición do espazo sonoro de Hoje venho falar de min da compañía de danza tuatha.

*Hvergelmir; Gjoll*





3º PREMIO

## Marina Fernández Vigo, Luis José Sánchez Bolón, Iago Camaño Lagoa, Nébeda Piñeiro Barros e Sandra Pérez Míguez

O repertorio de Cantometrics toma como partida as recollidas de música tradicional e popular que o etnomusicólogo americano Alan Lomax realizou en Galicia entre 1952 e 1953. A partir dese arquivo, búscase a mestura con músicas doutras latitudes que o propio Lomax recolleu e clasificou. Proba desta mestura cultural son os temas presentados a continuación, *Maios* e *Manuel do Campo*: *Maios* parte dunha canción infantil recollida en Sanabria, para despois desprazarse ata Marrocos cunha melodía inspirada nas trompetas cerimoniais que Lomax gravou na súa viaxe a este país. *Manuel do Campo*, por outra banda, xorde dun romance galego moi popular que narra a historia de Manuel, un home que mata a unha burra despois de intentar casar con ela e que o animal o rexeite. A partir desta historia, Cantometrics inverte o conto e fai viaxar a melodía orixinal (unha muiñeira recollida en Leiro) ata o Caribe, onde se mestura cun arrollo creoulo.

### EXPERIENCIA PROFESIONAL

2022. Videoclip *CHIFRO*.

### DATOS DO GRUPO

**Marina Fernández Vigo**  
Vigo (Pontevedra), 1993.

**Luis Sánchez Bolón**  
A Coruña, 1995.

**Sandra Pérez Míguez**  
Tui (Pontevedra), 1992.

**Nébeda Piñeiro Barros**  
Bueu (Pontevedra), 1987.

**Iago Camaño Lagoa**  
Cangas do Morrazo (Pontevedra), 2000.

 <http://gofile.me/6US7D/dgx6zoT6t>

 @cantometrics

*Maios: Manuel do Campo*





# Poesía

## PERSOAS PREMIADAS

**1º Premio**

**Ciro Fernández Briones**

**2º Premio**

**Daniel Chapela**

**3º Premio**

**Adrián Agustín Vázquez Rodríguez**

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Guadalupe Gómez Arto

Luis González Tosar

Victor Manuel Furelos Guillén

Xosé Luna Sanmartín


### **Secretaria**

Pilar Tamerón Montesinos

1º PREMIO

# Ciro Fernández Briones

A Pobra (A Coruña), 1996



«Forzando un pouco as cousas quizais, como non hai máis remedio en ocasións para sinalar algo, diríase que a poesía sexa a patria do adolescente», así adiantaba María Zambrano o concepto que lle pedín prestado para o título do meu poemario. A anguria do hermetismo está composto por unha fina fiestra que acolle as imaxes dos ollos e as historias dos soños; os poemas habitan unha especie de fronteira onde a partir de certas imaxes nacen historias e, así, novas realidades. Son poemas de contemplación e silencio.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2016-2020. Grao en Educación Primaria (Pontevedra).

## A anguria do hermetismo

### Arousal

“La mirada supone también el enamorarse, la mirada puede fijarse y hasta ser absorbida por entero por quedarse ella enamorada, como la memoria.”  
-María Zambrano-

O tempo refulxe nos tentáculos da terra  
como o estupor da primavera invadindo cemiterios  
unha nena pedalea coa fin de resgar o vento  
e nas pólas baixas nacen grallas testemuñas

xa é tarde pra vestir loito, cedo pra morrer  
xa é serán e remata o velorio entre sorrisos  
porque das raíces nacen flores  
porque os reloxos nunca ceden  
rin os pétalos a gargalladas  
e procuran as ninfas un lugar para danzar

canto pranto atura a pel / tanta calor atura o corpo  
após da friaxe nos invernos / embaixo dos toneles da cidade

abandona o crego o seu mester / e as andoriñas o seu niño  
non ten remedio o músico das rúas / nin a artista sen renome  
procura sempre a voz humana / un recuncho onde resoar.

### Die treppe

Ferve a auga e semella que naceu a choiva  
- o mundo está cheo de casualidades


declara a abella que atopa un oco pola fiestra  
xusto entra cando o veciño marcha a traballar  
e a ruliña da terraza estende as ás en despedida  
un rapaz cae da bici nun charco en pleno verán  
e o coche bate co farol aparcando en batería

eu marchei e peta alguén na porta  
aos dez segundos chama de novo  
e aos vinte berra desesperado

asubía lene a teteira aos dous segundos  
aos tres chía nun desapracible in crescendo  
e dende os catro mantense irreverente na explosión

agora o universo condenou ao ser humano  
a comprender os efectos causales de Voltaire  
ao lonxe un glaciar escacha e o mar se rende  
xusto no pranto dun bebé que palpa a liberdade  
á noite as estrelas de Orión brillarán acompasadas  
e de novo dúas parellas coincidirán no orgasmo  
preto do último latexo dun soldado alcanzado

pero neste preciso instante  
onde todo semella esmorecemento  
tan só unha porta separa o mundo  
dalguén que esqueceu apagar o lume  
e daqueloutro que degoxa o silencio.



2º PREMIO

## Daniel Chapela

Bueu (Pontevedra), 1991

Biscoito de laranxa é unha ofrenda. Un recordo cara a aquelas persoas que nos deixaron nun ou noutro momento da nosa vida. É, dun xeito ou doutro, un epitafio. O seu recordo. A palabra coa que deberían ser nomeados. A memoria esvaecéndose polos poros da nosa pel.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Estudante do Grao en Lingua e Literatura Galegas, da Universidade de Santiago de Compostela. Realización das prácticas externas do Grao no Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

 @danielchapela1

 @danichapela

 @danichapela

## Biscoito de Laranxa

Puxemos pedra sobre ti a xeito de celebración. O rito impoñéndose á vida. Levámosche caraveis inmaculados e sentimos sobre nós o peso daquela lousa, coma se estivésemos baixo terra.

O velatorio foi co ataúde aberto. Cuspiron sobre o teu cadáver palabras inmemoriais, rezos para recordarnos que xa nunca estarás connosco.

Parece que se lles olvida que sempre quedan sucos daqueles que pasaron por nós.



Miña nai díxome unha vez que gozase daqueles momentos, que pouco a pouco remataría o cheiro a biscoito de laranxa recén feito,

aquel punto branco no iris,

o amor inmortal en intercambios de cartos.

Nunca souben medir o cariño e hoxe sinto un coitelo cravado diante da súa tumba.



Cando me deron a nova sentín unha laranxa abríndose no meu estómago,

engulindo o mundo ao seu redor.

Era un día de xuño e a luz cóarase insistentemente polo cristal.



Preguntáronme se quería ler uns versículos e acordeime do nome de Deus, de Alá, de Buda, do cancro.

*Ego te absolvo a peccatis tuis in nomine Patris et Filii et Spiritus Sancti.*

Ninguén absolverá a Deus dos seus.



O lago creado tras séculos de rega serviu de refuxio. Metín as mans na terra até atopar as túas e arrinquei o recordo cravado no íntimo.

As súas raíces serviron de leite aquel día de calor. A auga do río Frade trouxo aquel canto que, xeración tras xeración, ti repetías.

Era o voso rezo propio.



Abrín a boca para berrar e entrou a néboa.

Pouco a pouco chegou ao cerebro, pudrindo as neuronas.

Cara a onde van as voces dos mortos?



Ao terceiro día sentín un formigueo no estómago cando entrei na súa cociña.

Os azulexos estaban impregnados do recendo da súa comida, da crema Nivea que botaba nas mans cuarteadas polo frío.

Nun rincón do mesado quedaba un anaco de biscoito, reseso polo aire viciado.

Cando regresei, as miñas tías limparan todo con lixivia e só quedaba o cheiro a hospital.



3º PREMIO

## Adrián Agustín Vázquez Rodríguez

A Coruña, 2001

*Itinerario da cegueira* é un poema dividido en catro partes. Co estilo de presentación, así como o léxico e metáforas utilizadas e tamén o contexto poético no que se busca encadrar, procúrase unha relación dialéctica entre os elementos da modernidade ou posmodernidade con outros de carácter máis natural, como animais ou o propio corpo. Non obstante, de fondo está unha reflexión en abstracto sobre o lugar que ocupa o “eu poético” no mundo, e a súa relativa desconexión con este. Búscase, en última instancia, chegar a que o lector se cuestione a súa propia relación co seu mundo máis achegado e, polo tanto, a relación co seu propio “estar no mundo”.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2019-Actualidade. Grao en Dereito.

## *Itinerario da cegueira*

### I

Crávase unha sirena nos ouvidos

/non se escoitan os movementos da lingua

/as fibras rompendo no escorzo inútil da figura

/a figura

/é un deserto

/o poema

/é a súa forma

Atravesar o tempo nun delirio de cristal e aceiro

Nós colgamos como morcegos

/encontramos beleza en escribir os nosos residuos

/escribimos o itinerario da cegueira

Labradores do baleiro

/lembramos só a figura

Así é como o animal fai o seu camiño

/fai un mapa cos espazos baleiros

Isopo o verbo das súas espigas

/soño que a prata do trigo abre en sucos os torsos

/o fume déitase como plástico

/cinsa da combustión

Como nos retorcemos

/o verbo segue inmóbil

/como nos retorcemos

/ninguén chega do desterro

### II

Uns acordes son pronunciados por liscas de plástico

/o meu corazón bombea sangue

/coa urxencia da primavera

Un fluxo de cadmio

/escorrega no chan no que caio

/expulsado polas forzas do cabelo

/que mastigo electricamente

Bramo como un touro ao que arrincan

/con serras programadas na paz

/os cornos estériles

/a miña perna dereita é despezada

/por un cabalo con pés de caucho

/e farpas de ferro na crin

O espasmo traspasou a fibra

/arrincou a venda

/perforou como un punto de chumbo

/nunha tea de animal curtido

Seguen avanzando polas liñas de alta tensión

/os silencios

/galopando

/devotos da verticalidade

O animal descobre demasiado tarde

/que a auga que bebe é salitre en descomposición

Ábrense os ollos e explotan contra o vidro

/ábrese na cúpula da ferida un rego de estrelas

### III

Medico os meus ósos coa proximidade dos teus

Corto todas as liñas que saen de min

/extravasando o enigma

Recollo os anacos de cor

/que aínda nacen onde o vermello

A forma retórcese

/as mans rompen a columna

/desfana co xiro

A miña cintura agora é un xardín

/no que brota aceite para alimentar os fillos

A xoga da miña cadeira medra no cemento

/empurrando desde o fondo do mundo

O corpo é fractura


A violencia do templo

/e a velocidade que cruza o rostro

Agora non temos lugar

/somos o lugar onde abren as follas da máquina

/as caricias sobreviven noutro idioma



# TEATRO

## PERSOAS PREMIADAS

**1º Premio compartido**

**Vórtice Escénico**

**1º Premio compartido**

**Asociación Palimoco Teatro**

**2º Premio compartido**

**VaLume**

**2º Premio compartido**

**DWD**

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Inmaculada López Silva

Artur Trillo Sendón

Antonio Vázquez Turnes

Belén Díaz Bouzas

### **Secretaria**

M.<sup>a</sup> Jesús López Cernadas

## 1º PREMIO COMPARTIDO

## Vórtice Escénico

Ana Fernández Sánchez, Barcelona, 1976

Andrea Blanco Dios, Vigo (Pontevedra), 1998

Claudio Rodríguez Suárez, Vigo (Pontevedra), 1994

Roberto Casal Mouriño, Santiago (A Coruña), 1980

Sergio Camilo Barrantes Franco, Gondomar (Pontevedra), 2001



Un esperpéntico pesadelo asalta a Ágata días antes do seu trinta e catro aniversario: uns escuros seres de cabeza de porco e corpo humano axitan o seu soño e os cimentos da súa vida, desencadeando unha crise existencial nesta muller afeita a cumprir as expectativas alleas. Ansiosa por facer algún cambio na súa monótona realidade co seu monótono marido, e motivada polo noxo que as criaturas do seu soño lle inspiran, Ágata decide deixar de comer carne. Esta pequena decisión individual é ferozmente combatida polo seu contorno. Vemos como, nun contexto familiar tan ríxido como o de Ágata, esa pequena decisión individual, aparentemente tan minúscula e inofensiva, xerará un inexorable efecto dominó sobre o resto das personaxes, asomando a cada unha delas ao seu particular abismo.

Esta é a trama principal de *Asfixia*, de José Luis Baños de Cos. Unha dramaturxia que se apoia sobre os seguintes eixos conceptuais asentados en varias dualidades que entran en conflito: o individuo fronte á masa, o inconformismo contra o conformismo, o diferente contra a homoxeneidade e a permanencia fronte á ausencia.

Catro personaxes, catro entes narradores, unha manda de porcos e catro intérpretes en escena. Tres eixos espazotemporais e tres historias que se entrecruzan.

## FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

### Roberto Casal Mouriño

Director, actor, profesor de teatro, animador sociocultural e monicrequeiro.

### Sergio Camilo Barrantes Franco

Estudante de Interpretación pola modalidade de Interpretación Xestual na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

### Andrea Blanco Dios

Actriz e bailarina graduada en Interpretación, especialidade textual, pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e do Grao Profesional de Danza no conservatorio Mayeysis de Vigo. Tamén posúe formación específica de clown e dobraxe de voz.

### Claudio Rodríguez Suárez

Estudante de Interpretación pola modalidade de Interpretación Xestual na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

### Ana Fernández Sánchez

Actriz e cantante graduada en Interpretación, especialidade textual, pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Licenciada en Humanidades, ten formación específica en dramaturxia posdramática, voz e mimo.

*Asfixia*





1º PREMIO COMPARTIDO

## Asociación Palimoco Teatro

Jose Luis Bermúdez Salinas, 1984  
 Ele Molejón Rumley, 2003  
 Lucía Rigueiro González, 2003  
 Alba María Pereira Pontide, 1997  
 Ramón Fernández González, 2000  
 Noa Álvarez Pastoriza, 2007  
 Clara Tallón González, 2006

María Rouco Rivas, 1999  
 Yaiza Castro Vázquez, 2008  
 José Damián Pol Veiga, 2006  
 Ximena Torrón Núñez, 2003  
 Olalla Torrón Núñez, 2006  
 Nerea Vígara Sainz de la Maza, 2004  
 Sabela Prado Pita, 2008

Paula Fernández Caballero, 2005  
 Josefina Torres Pereiro, 2003  
 Erin Molejón Rumley, 1996  
 Xacobe Bruña Alonso, 2005  
 Maruxa Bruña Alonso, 2008  
 Paula Mato Paz, 1996

A obra estrutúrase en torno a dúas liñas de investigación: o estudo de diferentes obras de Federico García Lorca, sobre todo poñendo o acento nas consideradas irrepresentables e en *Poeta en Nova York* (poemario que cremos borrador das ditas obras). A biografía do autor: trátase dunha viaxe que parte da frase de García Lorca: *E se todo se reducise ao amor?* O autor viaxa polas súas obras atopándose co neno que foi, fondeando en textos como Cerdo e Paloma, situados nas marxes da produción literaria do granadino, nos que xa se reflectía gran parte do seu pensamento. No 1919 escribe *Nunca me viste tan amargo*, pasaxe que posteriormente sería o prólogo de *El maleficio de la mariposa*. Co percorrer da obra Federico entra de cheo na súa busca do amor sen fin, en palabras de Xulieta: "A min que me importan as discusións sobre o amor e o teatro, eu o único que quero é amar". Atoparase tamén neste soño coas súas figuras de muller, cos seus tres amigos (alter egos do autor n' *O Público*) e tentará buscar ao UNO platónico... E todo para chegar á frase: *e se todo se reducise ao amor?*

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

Palimoco Teatro nace como Asociación de teatro afeccionado no ano 2000, aínda que a súa actividade comece en 1998. Palimoco colabora activamente na vida cultural de Lugo ata que en xaneiro de 2008 se converte en compañía profesional. Actualmente a asociación forma parte do entramado da Escola Palimoco Teatro Danza onde se forman dunha maneira máis integral Os Palimoquiños, son rapaces e rapazas de entre 15 e 22 anos que se reúnen un día á semana, normalmente os sábados de 9:00 a 12:00, aínda que as sesións sempre se prolongan e fanse ensaios maratonianos todo o día. Dirixidos dende a súa orixe por Paloma Lugilde. Dáse moita importancia ao adestramento físico, ao estudo das accións físicas e á creación e investigación.

Fan moitas intervencións de rúa ao longo do ano, moitas delas con fins sociais. Traballan dende o verso clásico (Zorrilla, Calderón) a textos máis contemporáneos (Mayorga, Sarah Kane, Lorca, Rodrigo García). Teñen moita relación coa Compañía de Teatro Down Lugo e con outros colectivos da cidade.

*E se todo se reduzise ao amor*





2º PREMIO COMPARTIDO

## Valume

Javier Castiñeira García, A Coruña, 1997  
Elsa García Comesaña, Vigo (Pontevedra), 1999

Brazaletes é unha obra que mestura teatro, fútbol e política.

Nace da idea de traballar e afondar no teatro documento e conta á historia de varios futbolistas que se significaron politicamente.

A través dun narrador do que descoñecemos o nome, achegámonos a historia de Aitor Aguirre e Sergio Manzanera, dous futbolistas que se enfrontaron ao franquismo. Ademais o propio actor Javier Castiñeira aparecerá en escena de vez en cando para achegarlles aos espectadores á historia.


### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### **Javier Castiñeira García**

2017-2021. Interpretación Textual ESAD Galicia.

*Brazaletes*





## 2º PREMIO COMPARTIDO

## DWD

Jacobo Mo Caeiro, Ponteareas (Pontevedra), 1999  
 Claudia Tordable Otero, Santiago de Rubiás (Ourense), 1999  
 Sonsoles Tordable Otero, Santiago de Rubiás (Ourense), 2000  
 Daniel Rodríguez Iglesias, Vigo (Pontevedra), 2001

*Só se aplaude ao final* é unha peza de creación propia que mestura a danza, a acrobacia, o traballo con obxectos e o teatro físico para tratar a autoconsciencia e a repercusión do eu. Somos conscientes do dano que nos facemos a nós mesmos e á nosa contorna?

Bobo e Susu, tras acadar o éxito, vense envoltos nunha sensación de baleiro e medo, insatisfeitos.

Atrapados nun bucle, atopan un mapa, unha saída do labirinto no que están encerrados. Inconscientes do perigo, embárcanse xuntos nunha aventura que determinará cal é o seu verdadeiro camiño.

A viaxe poraos a proba e enfrontaranse aos problemas que causaron, reconstruíndo así o seu comportamento e atopando ao final o seu xeito de facer as cousas.

FORMACIÓN ACADÉMICA /  
EXPERIENCIA PROFESIONAL**Daniel Rodríguez Iglesias**

1º Premio en Sumidoiros coa peza *Neurose*, a cargo do espazo e iluminación.

**Jacobo Mo Caeiro e Sonsoles Tordable Otero**

Gradúanse na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia pola especialidade de Interpretación Xestual, presentando este proxecto como TFE.

*Só se aplaude ao final*





# Videocreación

## PERSOAS PREMIADAS

<b>1º Premio</b>	<b>Juan Rodríguez Bas</b>
<b>2º Premio</b>	<b>Mirian Opazo Ojea</b>
<b>3º Premio</b>	<b>Rocío Campoy Lage</b>

## MEMBROS DO XURADO

### **Presidenta**

Cristina Pichel Toimil

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude

### **Vogais**

Ignacio Vilar Díaz

Paco Freire Magariños

Pablo Comesaña Pérez

Marisela Lens Rey

### **Secretario**

Xesús Álvaro Arceo Beiroa



1º PREMIO

## Juan Rodríguez Bas

Gondomar (Pontevedra), 1994

A obra parte da idea do corpo en movemento no espazo e no tempo. Enténdese movemento como un feito poético que se reflicte no corpo e nos elementos externos. Xógase con obxectos que van dialogando coa psicoloxía das personaxes ata chegar a un novo non-espazo, un baleiro. Poderíamos preguntarnos quen é a nena. Será unha proxección da protagonista de pequena? Será a figura feminina con proxección no futuro? A subxectividade está presente en toda a obra para que o espectador escriba o seu propio final.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2012-2022. Grao en Arquitectura.

2020. Grao en Escenografía.

2022. Curso Iluminación e deseño escénico.

 @bas.studio

 @juan.robass

 @juan.robass

*Corpo, espazo, tempo*





2º PREMIO

## Mirian Opazo Ojea

Xinzo de Limia (Ourense), 1988


Todos atesouramos na memoria algunha lembranza da aldea. Lugares, persoas, xogos, momentos..., imaxes con aparencia de película antiga que nada teñen que ver coa actualidade dos escenarios dun rural cada vez máis decrepito e abandonado. A partir da gravación en distintas localizacións do sur da provincia de Ourense e dos meus recordos sobre a infancia na aldea, este proxecto pretende constituírse como un espazo que, lonxe da pretensión de atopar respostas ou solucións, convida á reflexión sobre o despoboamento sen freos que sofren estes lugares. Os *Retratos do Silencio* fala do rural, do abandono e de habitar ausencias.


### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2018-2022. Grao en Belas Artes, Universidade de Salamanca.

2022-Actualidade. Mestrado de Estudos Avanzados en Produción e Prácticas Artísticas.

*Retratos do Silencio*





3º PREMIO

## Rocío Campoy Lage

Vigo (Pontevedra), 2002

Neste *stop motion* tentei reflectir a disociación como mecanismo de defensa en situacións demasiado estresantes para que o individuo poida manexalas normalmente. Cun matiz onírico, presento unha situación de desorientación e desconexión da realidade onde prevalece a confusión tanto para o personaxe como para o espectador.

### FORMACIÓN ACADÉMICA / EXPERIENCIA PROFESIONAL

2020-Actualidade. Grao en Belas Artes. Universidade de Vigo, Pontevedra.

*Emocións en espiral*







XUVENTUDE  
CREA 2022